

DECRETO DA ALCALDÍA 043/09
Expte. RE-527/2008; C-02/08

Visto que mediante Decreto da Alcaldía 407/08, de 16/5/2008 aprobouse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras de “**SANEAMENTO E XOGOS INFANTÍS**”, correspondentes ao PAM-2008 por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que con data de 5/2/2009 constituíuse a Mesa de contratación e esta, tendo en conta os aspectos de negociación e o informe técnico incorporado ao efecto, realizou proposta de adxudicación a favor da empresa “**Construcciones Vale S.L**”

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Avocar as competencias delgadas na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Declarar válido o acto de licitación.

TERCEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato de obra de “**SANEAMENTO E XOGOS INFANTÍS**”, correspondente ao PAM-2008 por importe de 89.790,64 € (IVE incluído) e un prazo de execución de **UN MES E MEDIO** á empresa “**Construcciones Vale S.L**” de acordo co prego de cláusulas administrativas e demais condicións establecidas na súa oferta.

CARTO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios do contrato.

QUINTO. Notificar e requirir a “**Construcciones Vale S.L**”, adxudicatario provisional do contrato, para que constituía, dentro dos dez días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no perfil de contratante do Concello de Vilaboa a garantía definitiva do contrato que ascende a 3771,20 €.

SEXTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no perfil de contratante do Concello de Vilaboa e no Boletín Oficial da Provincia.

SETIMO Ratificar este Decreto na próxima sesión da Xunta de Goberno Local.

RECURSOS: Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, segundo o artigo 107.1 da Lei 30/1992 e 52.2a) da LBRL 7/1985, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, ao abeiro dos artigos 116.1 e 117.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999. Este recurso entenderase desestimado se dende o día seguinte á súa presentación transcorre un mes sen que se resolva e notifique de forma expresa, segundo establecen os artigos 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992.

Así mesmo, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día

seguinte a aquel en que reciba esta notificación, de acordo cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se interpuxese recurso potestativo de reposición, sen que se resolva e notifique no prazo de un mes, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo cos artigos 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Advírtolle, que poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Vilaboa, 5 de febreiro de 2009
O Alcalde

Jose Luis Poceiro Martínez